



**ASISTENTES C.I.**

**C.I.G.**

M<sup>a</sup> Jesús Losada Rodríguez  
Carlos Mollinedo Lois  
Federico Fernández Fernández  
Cándido Pérez Betanzos  
Rodrigo Alberte Pivida

**CC.OO.**

Victoria Alonso Crespo  
Aser Fernández Rey  
Manuel Velasco Graña  
Carmen Serra Rodríguez

**U.G.T.**

Juan José Fernández (a partir  
11:30 horas)  
José Andrés Zapirain (**DS**)\*

**AUSENTES C.I.**

Antón García Fernández  
(xustificada)  
Arturo Casar Sarasola  
(xustificada)

**ASISTENTES CC.EE.**

\***DS**- Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundación o día 5 de febreiro de 2004, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Situación actual do proceso selectivo da OFOE.
5. Negociación coa Xerencia. Proposta e acordos, se procede.
6. Rogos e preguntas

1. Ó enviar con antelación a acta da sesión anterior a tódolos/as presentes non se lle da lectura e tras corrixir a data de celebración apróbase por unanimidade.

Antes de pasar ó informe o presidente comunica as delegacións de votos existentes para a presente reunión que, neste caso, corresponde ó enviado por Arturo Casar quen delega o seu voto en Juan José Fernández.

2. Informe do Presidente. O Presidente da conta dos seguintes asuntos:

- Do nomeamento de Marcos Estevez Orge como delegado sindical de CC OO no CI e no CE de Pontevedra.
- Das contratacións temporais, prórrogas e mobilidade.
- Da execución dos seguintes acordos:
  - o Escrito á xerencia manifestando o malestar do CI pola falta de resposta aos escritos que lle foron enviados e pola desidia que están a manifestar nos asuntos relacionados co persoal laboral.
  - o Escrito dirixido ao reitor e ao xerente reclamando o respecto aos dereitos sindicais dos delegados e liberados.
  - o Escrito dirixido a J. A. Zapirain que contén certificación do acordo do CI en resposta a unha solicitude relativa ao manual de funcións de ATIIDD.
  - o Escrito solicitando a inmediata convocatoria do Comité de Saúde Laboral.
  - o Escrito solicitando a mellora da sinalización para aumentar a seguridade.
  - o Certificación relativa a que persoal pode participar na intercambio de vacacións do PAS.
  - o Remisión á Xerencia das propostas de Acción Social e Normativa Listas de Agarda elaboradas pola Xunta de Persoal e o CI.
  - o Modelo para a reclamación previa do complemento de antigüidade.



- o Cargo á partida acción social dos gastos orixinados pola participación nas comisións organizadoras do intercambio de vacacións.
  - o Relación do PDI laboral contratado no 2003.
  - o Comunicado da Xunta de Persoal denunciando a vulneración da liberdade sindical por parte da Uvigo.
  - o Creación do Gabinete psicopedagóxico na Uvigo.
- Asuntos de persoal:
  - o Problemas cos recibos das nóminas.
  - o Xubilación
  - o Participación nas mesas electorais dos centros. Descanso e compesación.
- Reunión de representantes do CI co Xerente o día 3 de febreiro de 2004, na que se trataron asuntos relativos a:
  - o Convocatorias de oposicións. O xerente comprometeuse a enviar nos vindeiros días as relativas a: prevención, T. E transporte e distribución, T. E. de laboratorio, T. S. de investigación.
  - o Negociación RPT 2004.
  - o Proposta retribucións persoal encadrado na Disposición Transitoria 4ª do Iº Convenio Colectivo.
  - o Transformacións de categorías declaradas a extinguir.
  - o Aplicación da Adicional Sétima do actual Convenio relativa a posibilidade de xornada partida para os TESSXX.
  - o Incompatibilidade dos complementos.
- Información facilitada polo xefe de RRHH ao Presidente e Secretario do CI relativa as convocatorias de oposición pendentes.
- Entrevista mantida por representantes dos tres sindicatos con Marta Teijeira, bolseira do Programa Isidro Parga Pondal, na que a citada traballadora manifestou os problemas que está a ter no seu departamento (química analítica) para seguir traballando na súa liña de investigación. O Presidente informa que solicitou unha entrevista co Vicerreitor de Investigación para falar deste asunto.

O informe do Presidente suscita unha serie de preguntas relativas aos temas dos que informou, e así, Zapirain fai alusión aos contratos de ATIIDD realizados para cubrir prazas vacantes no Servicio de Deportes, en concreto, a cuestión que expón é ¿pódese contratar aos participantes nun proceso selectivo antes de que este remate?. Cos contratos na man, afirma que isto ven de suceder na Universidade de Vigo, pois un traballador comezou a realizar as súas funcións catro días antes de asinar o contrato. Por último pregunta que vai a facer o CI ao respecto.

Tamén se fai referencia á demanda de trienios por parte do persoal eventual con antigüidade na Universidade ou na Administración Pública. Zapirain considera discriminatorio que parte do persoal poida cobrar, tras gañar a demanda, e outra parte non (as demandas que non superan os 1800 € son de obrigado pagamento e as outras a Universidade pode recorrelas ante unha instancia superior).

Tamén se fala das transformacións das categorías a extinguir, e concretamente do que se falou co xerente, quen pensaba que só tiñan esta



condición as persoas integradas da Escola de Relación Laborais. Tras comentárselle que existen postos nesta circunstancia comentou que é preciso estudar caso por caso pois hai traballadores e traballadoras que no seu momento renunciaron á transformación. O fío deste comentario, Zapirain afirma que está disposto a renunciar a participar nun proceso de transformación se deste xeito axuda a desbloquear a negociación.

Sobre a creación do Gabinete de Psicopedagogía, coméntase que o está a levar persoal contratado a través do Programa Labora e Manuel Velasco, para ter máis información, suxire solicitar as memorias que xustifican dito programa na Universidade tal e como se fixo no ano 2003.

Por último analizando a entrevista co xerente coméntase que o único que quedou claro foi o compromiso do xerente de enviar, nos próximos días, información relativa a algúns procesos pendentes de convocatoria, o resto seguen a ser simples intencións.

**3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.**

Victoria da conta do acontecido na última reunión da Comisión de Acción Social. Comenta, en primeiro lugar, os problemas que se están a dar na xestión e concesión dos anticipos reintegrables. A normativa que se está a empregar é unha RX de 27 de decembro de 2002 aprobada pola propia Comisión de Acción Social. Indica, así mesmo, que é preciso incrementar a partida dedicada a este fin que actualmente é de 30.000 €. Do mesmo modo, amosa a súa preocupación por como se conceden estes cartos pois, unha vez solicitados, é necesario agardar a que se reúna a Comisión, feito que se produce cunha cadencia de, máis o menos, tres meses, prazo que é excesivo para resolver posibles peticións urxentes. Victoria, para rematar, solicita a participación dos outros membros do CI nesta comisión.

**4. Situación actual do proceso selectivo da OFOE.**

Carmen Serra informa do acaecido nas últimas semanas neste proceso aínda inconcluso. A última reunión da Comisión de Selección celebrouse o 3 de setembro de 2003 e nela a representante do CI solicitou, tras estudar as alegacións presentadas por tres participantes, que os Servicios Xurídicos da Universidade emitiran un informe co fin de resolver dúbidas importante sobre irregularidades na convocatoria e no propio proceso. Como o Presidente da Comisión fai 5 meses que non a reúne e tampouco deu conta do informe solicitado, Carmen presentou por rexistro un escrito, dirixido ao reitor, no que solicita que lle sexa enviado dito informe e que se convoque, o antes posible, á Comisión co fin de rematar o proceso.

Tras esta exposición interveñen outros membros do CI e ao final acórdase que Carmen volva a facer un novo escrito solicitando o mesmo que no anterior, mais tomando como referencia a Lei de Procedemento Administrativo tamén se acordo que o CI solicite unha entrevista co vicerreitor.

**5. Negociación coa Xerencia. Proposta e acordos se procede.**

O rematar o informe do Presidente xa se falou dos pormenores da última reunión, do efecto que tivo o escrito enviado ao xerente, e dos problemas que estamos a ter para resolver os asuntos e chegar a acordos. Aceptando o encargo feito ao CI polo xerente na última reunión acordamos facer un escrito dirixido aos responsables das áreas e



servicios no que lle pedimos que dean conta das necesidades que teñen de persoal.

6. Rogos e preguntas.

Zapirain solicita información sobre a última selección de persoal que se fixo na Área de Calidade e pide o Secretario que solicite polo menos 20 copias dos novos Estatutos. Nunha intervención posterior comenta os problemas que se dan no Servicio de Publicacións, que; según lle din, funciona como un almacén, e as dificultades que teñen para mover o material que chega a estas dependencias.

Marcos, interésase pola carta que enviou ao CI o persoal que traballa na Biblioteca Central de Marcosende relativa a distancia que hai entre este edificio e o aparcadoiro máis próximo.

Manuel Velasco, fai mención ao informe do Defensor del Pueblo sobre a precariedade na Administración Pública, recomenda a lectura do apartado que fai referencia ás universidades e informa aos presentes que, de acordo con dito informe, a Universidade de Vigo non está no rexistro central de persoal do Ministerio de Administracións Públicas e cuestiona tamén o número de eventuais que recolle dito estudio (46, en setembro de 2002), suxire, por último, que se pida expresamente a incorporación de novo da Universidade de Vigo ao rexistro central de persoal do MAP.

Federico, fai referencia ao curso de formación de inglés administrativo recentemente ofertado ao PAS e pregunta por qué non se lle da posibilidade de facelo tamén ao persoal que traballa en quenda de tarde. Comenta tamén, o problema que teñen na Facultade de Ciencias de Vigo con respecto aos censos do persoal laboral pois nos últimos procesos están incluíndo ao persoal de investigación. Tras distintos comentarios chegamos a conclusión de que no censo ten que aparecer todo o persoal con contrato laboral. Outra das preguntas que fai é se un administrador pode cambiar o destino a un traballador sen modificarlle a quenda. Tras comentar a resposta conclúese afirmando que esa actuación está dentro das súas competencias. Pregunta, así mesmo, se a Universidade de Alacante ten acordo coa de Vigo. O que se lle contesta é que cando está Universidade aceptou a unha traballadora con praza na Universidade de Vigo aceptamos o compromiso de reciprocidade cada se dea unha solicitude para unha praza similar. Por último, pregunta se o dereito de matrícula gratuíta para o PAS abrangue tamén os Masters.

Carmen Serra, en referencia a incorporación do persoal informático e responsable do Parque Móbil ao Convenio pregunta como van a quedar as súas retribucións e como pode afectar esta inclusión ao conxunto das retribucións que percibe o PAS. Se lle contesta recordándolle que no Convenio tamén se recolle o compromiso de que no seo da Mesa de Retribucións e da Calidade se vai a realizar un estudio e valoración dos postos de traballo que permita definir con máis precisión os complementos de responsabilidade e de categoría que correspondan aos mesmos.

Rodrigo, fai unha pregunta relativa ás condicións laborais do persoal de empresas privadas que traballan dentro das dependencias universitarias. En relación con este tema acórdase solicitarlle a Xerencia a relación de empresas que teñen contratos coa Universidade de Vigo.

Cándido roga que ao persoal que se incorpora por primeira vez á Universidade se lle facilite información relativa aos seus dereitos e



deberes, as funcións do posto que van a ocupar, a normativa sobre seguridade e saúde laboral, así mesmo, propón tamén que se lle dean, se lle corresponden, as prendas de traballo necesarias.

**Acordos:**

- Solicitar unha entrevista co vicerreitor de Relacións Institucionais para pedirlle explicacións polo proceso de selección, aínda inconcluso, da OFOE.
- Facer un escrito, tal e como recomendou o xerente, dirixido aos responsables das áreas e servizos nos que exista persoal laboral solicitando que nos dean información das necesidades que teñen de persoal de cara a elaboración da próxima RPT.
- Facer un escrito solicitando as memorias que xustifican as contratacións do Programa Labora.
- Solicitar á Xerencia a relación de empresas privadas que teñen persoal traballando dentro de dependencias da Universidade de Vigo.

Fdo: Manuel Velasco Graña  
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos  
(Presidente)